



INFORMACIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

- Normativa Reguladora:

- ▶ Decreto 254/2012, do 13 de decembro: Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- ▶ Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado.
- ▶ Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- ▶ Orde do 18 de decembro do 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo do 2013
- ▶ Instrucións da Xefatura Territorial do 24 de febreiro do 2021.
- ▶ Resolución do 25 febreiro do 2021 do sorteo das letras de desempate (1º apelido son as letras "W" e "S"; 2º apelido as letras "B" e "F".)

- Calendario :

Prazo Presentación Solicitudes de Admisión: ▶ Do 1 ao 22 de Marzo as 14:00h. Entregar na sede // [Anexo II cuberto á man](#) ou [Anexo II cuberto a ordenador](#) //D.N.I. solicitante e documento acreditativo da idade do alumno/a (*DNI ou libro de familia*), así como certificado de escolarización e convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Prazo para a presentación en Sede Electrónica: Do 1 ao 20 de marzo.

Prazo Presentación Documentación Xustificativa: Do 25 Marzo ao 14 de Abril as 14:00h. (*cando o número de solicitudes sexa maior ao das prazas ofertadas deberase presentar documentación: padrón, certificados...*)

Publicación listas provisionais de admitidos e non-admitidos: Antes do 26 de abril Prazo reclamación: 5 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación.

Publicación listas definitivas de admitidos e non-admitidos: Antes do 15 de maio Prazo de reclamación: un mes a partir do día seguinte a publicación deberá



presentar recurso de alzada ante a xefatura territorial.

Formalización de Matrícula: Do 20 ao 30 de xuño

(presentación do [anexo III](#))

- Centros adscritos:

CEIP FOGAR: Escolas de Mirón e Rega

CEIP BERGANTIÑOS: Escolas de Cances, Sísamo e Xoane

CEIP GÁNDARA-SOFÁN: Escolas de Artes e Berdillo

- Área de Influencia:

A área de influencia das escolas do CRA Ponte da Pedra son as **parroquias** onde se atopa cada escola.

Zona limítrofes: [ver mapa](#)

Outra información: [Resolución da Xefatura Territorial de Educación da Coruña de data 24/2/16 sobre a modificación de áreas de influencia do concello de Carballo.](#)

- Nota informativa:

1º Cada alumno/a so pode presentar **UNHA ÚNICA SOLICITUDE** no centro que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º O alumnado que ten reservada nun centro (adscrito), se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia a reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

4º A falsidade nos datos aportados poderá determinar a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

5º O Centro Cra ponte da Pedra, non dispón de Servizos Complementarios de transporte nin de comedor.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Colexio Rural Agrupado "Ponte da Pedra"

C.R.A. PONTE DA PEDRA
Rúa Vázquez de Parga 119, bloque 2 – 1º D
15100 Carballo
☎ 981 70 34 03 ☎ 981 70 34 03
<http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/>
cra.ponte.pedra@edu.xunta.es



6º No CRA Ponte da Pedra existen Seccións Bilingües nas aulas de Educación Primaria de Sísamo e Berdillo.

· PRAZAS VACANTES OFERTADAS PARA O CURSO 2021/22



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Colexio Rural Agrupado "Ponte da Pedra"

C.R.A. PONTE DA PEDRA
Rúa Vázquez de Parga 119, bloque 2 – 1º D
15100 Carballo
☎ 981 70 34 03 ☎ 981 70 34 03
<http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/>
cra.ponte.pedra@edu.xunta.es



OFERTA VACANTES CURSO 2021 - 2022					
TOTAL VACANTES					PRAZAS RESERVA NECESIDADES ES- PECÍFICAS APOIO EDUCATIVO
EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA		
4º	5º	6º	1º	2º	
27	6	7	10	5	27

· HORARIO DE ATENCIÓN e RECOLLIDA:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00- 9:50					
9:50 - 10:40			Secretaría		
10:40 - 11:30			Secretaría		
11:30 - 12:30					
12:30 - 13:00	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría
13:00 - 14:00	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría
16:00 - 17:00	Secretaría				

Para solicitar máis información e entregar toda a documentación deben **obrigatoriamente** dirixirse á Dirección na Sede do CRA:

Avda. Vázquez de Parga 119 bl-2 1ºD Tlf: 981.703.403

- ÁREAS LÍMITROFES DAS ESCOLAS

ESCOLA DE ARTES: Área limítrofe do CEIP Gándara-Sofán, CEIP Xesús San Luis Romero, Escola de Berdillo, Escola de Mirón, Escola de Rega.

ESCOLA DE BERDILLO: Área limítrofe do CEIP Gándara-Sofán, Escola de Artes, Escola de Mirón e Escola de Rega.

ESCOLA DE CANCES: Área limítrofe da Escola de Xoane.


ESCOLA DE MIRÓN: Área limítrofe da Escola de Xoane, Escola de de Verdillo, Escola de Sísamo, Escola de Artes e CEIP Fogar.

ESCOLA DE REGA: Área limítrofe da Escola de Xoane, Escola de de Verdillo, Escola de Sísamo, Escola de Artes, CEIP Xesús San Luís Romero e CEIP Fogar.

ESCOLA DE SÍSAMO: Área limítrofe de CEIP Bergantiños, CEIP a Cristina, Escola de Mirón, Escola de Rega, e a Escola de Xoane.

ESCOLA DE XOANE: Área limítrofe da Escola de Cances, Escola de Sísamo, Escola de Mirón e Escola de Rega.

* A área de influencia das escolas do CRA Ponte da Pedra son as **parroquias** onde se atopa cada escola.



**CRITERIOS XERAIS DE BAREMO- PUNTUACIÓN**

Orde do 18 de decembro do 2020 que modifica a Orde do 12 de marzo do 2013 pola que se establece a admisión de alumnado.

Requisito	Puntuación		
a) Número de Irmáns	8 (Por un/unha irmá/n matriculado no centro)	2 (2º e seguintes irmáns matriculados no centro)	8 Parto múltiple (cada un e sempre que soliciten na área de influencia do seu domicilio familiar)
b) Pai/Nai/Titores traballan no centro	3		
Proximidade	Área de influencia	Limítrofes área de influencia	
c.1) domicilio familiar	6	3	
OU			
c.2) lugar de traballo	Área de influencia	Limítrofes área de influencia	
	4	2	
d) Renda per cápita (suma das casillas 435+460 da renda de 2019, entre membros computables da familia a <u>28-02-21</u>)	Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2019, que está fixado en 6.454,03 euros		
e) Familia numerosa	Categoría especial	Categoría xeral	



(carné familiar galego)	3	2	
f) Familia monoparental	2	Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.	
g) Discapacidade algún membro familia. (certificación grado minusvalía) (máximo 4 ptos.)	alumna/o 4	nai/pai/titores 3	Irmáns 1
i) Criterio complementario	1	Incluirán este punto aqueles que teñan a máxima puntuación no criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar [c.1 na área de influencia do centro])	

*C1.-O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do **Padrón municipal** no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. **A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión**, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

- **De non coincidir os domicilios familiar e fiscal**, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compra venda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións(auga, luz,gas) a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.

*C2.-a) No caso de persoas que presten servizos retribuídos por **conta allea**, mediante a achega de documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or xunto cunha copia do contrato de traballo. O centro de traballo deberá estar determinado nunha localidade e enderezo concreto.

b) No caso de traballadoras e traballadores por **conta propia**, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente.

c) O persoal ao servizo das **administracións públicas** presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio Rural Agrupado "Ponte da Pedra"

C.R.A. PONTE DA PEDRA
Rúa Vázquez de Parga 119, bloque 2 – 1º D
15100 Carballo
☎ 981 70 34 03 📠 981 70 34 03
<http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/>
cra.ponte.pedra@edu.xunta.es

